



**TEATRO  
ANTROIDO**

\*\*\*\*\*  
p r e s e n t a

\*\*\*\*\*  
**CALDAMICO**

**señor de ningunes**

de roberto vidal

## O GRUPO:

O Grupo de Teatro Antroido nacéu en Santiago de Compostela en Xaneiro do 1974. Até iste intre leva feitos catro montaxes: «AMOR E CRIMES DE XAN O PANTEIRA», de Eduardo Blanco Amor. «AS FALCATRUAS DO MARQUES PATACON», versión ceibe dunha farsa francesa do século XV de autor anónimo feita por Euloxio R. Ruibal. «ANTROIDO NA RUA», creación colectiva do grupo, e «LAUDAMUCO SEÑOR DE NINGURES (Premio Abrente 1976), de Roberto Vidal Bolaño.

Co iste derradeiro montaxe o grupo asume o feito teatral como actividade exclusiva dos seus membros. Por tal feito e co gallo de deixar aberta a posibilidade da práctica e do aprendizaxe teatral en réximen non profesional, ten creado no seu seo un Obradoiro de Aprendizaxe Teatral, co que ven de facer un novo montaxe: «MEMORIA DE MORTOS E DE AUSENTES», de Roberto Vidal Bolaño.

Escomenzóu outros dous montaxes que nunca chegaron a seres representados ao non ser autorizados no seu día, pola Xunta de Censura «O CABODANO», de Euloxio R. Ruibal (Premio Abrente 1975) e «LEDAIÑAS POLA MORTE DO MECO», de Roberto Vidal Bolaño.

## A OBRA:

Logo de refacer os nosos esquemas de traballo, fundamentalmente no aspecto organizativo, tencionando conquistar que esta nova etapa non supuxera un encarecemento do produto teatral que o fixera aínda menos asequible, senón un incremento na súa distribución e unha superación da súa calidade, tiñamos que enfrentarnos coa praxis dende iste novo réximen de traballo, facendo un montaxe que axeitándose aos condicionamentos técnicos da nosa realidade teatral (material humán, flexibilidade na adaptación aos locais existentes, etc.) entróncase coa línea ideolóxica que viñamos mantendo.

O texto de Roberto Vidal Bolaño, axeitábase a istas necesidades e ofrecía soficientes atractivos como pra seres a proposta teatral sobre a que traballásemos.

«Laudamuco Señor de ningures», quer ser un intento de análise das estruturas de poder e dos seus resortes esenciais, feito non soio dende a perspectiva de quen es detentan, senón e sobor de todo, dende a de aqueles que o manteñen. Niste senso o texto aborda como unha das características disas relacións de poder, as connotacións mítico-relixiosas nas que iste se arroupa e es supostos valores moráis (a fidelidade, o espírito de servizo, o servilismo, etc.) que fan posible a súa existencia.

A relación servo-señor que o texto plantexa, dase no intre no que xa non somellan existir razóns que poideran facer xustificable a necesidade de seguila mantendo. Un rei é destronado e condeado á morte, a revolución popular ten triunfado e noustante o seu servo máis fidel sigue co il, servíndoo aínda, porque pra il e por enriba de todo, sigue sendo «O Rei».

A situación límite plantexada no texto faillle adequerir a iste un carácter grotesco, caseque choqueiro, que no intre do montaxe quixemos potenciar, tencionando que os persoaxes adequeriran unha dimensión degradante, grotesca e distorsionada, esfeluxando as súas características esenciais, pra facelas máis recoñecibles.

Co iste paso, que agardamos seña cara adiante, e co montaxe de «Laudamuco Señor de ningures», quixemos facer un traballo digno, claro i enriquecedor, que de algunha maneira contribuía ao desenrolo do noso teatro.

## **CARACTERISTICAS TECNICAS:**

Partindo dun estudio concenciado do edificio teatral galego e conscentes non soio das limitacións que impón, senón das libertades que permite, temos resolto o espacio escénico, en base a tres características que coidamos fundamentais: sencillez, rapidez de montaxe e adaptabilidade.

Compóñeno cinco estrados, catro de 1,5 m. por 1,5 e un de 2x2 m., de 50 cm. de altura os primeiros e de 40 o segundo, que acoplados entre si conforman un esceario con diferentes espacios e niveis, que poden ser montados sobor de escearios xa existentes e constituirse en esceario nos locais que carezan dil. A disposición en módulos de reducido tamaño, permite unha caseque total adaptabilidade. Sobor dos mesmos estrados sopórtase un fondo de altura variable, dende 3 a 2,5 m., que non soio fai de cámara negra, senón tamén de rompente dende o que fan as saídas os persoaxes ou no que permanecen cando non están en escea, eliminando así a necesidade de accesos ou bastidores no esceario.

A nivel luminotécnico, a solución adoutada fundaméntase na emprego de numerosos reflectores de reducida potencia, co que en caso de ter que prescindir de algúns deles por falla de potencia suficiente no local, pode conseguirse unha somellante distribución da luz sobre a escea, sin merma considerable do nivel de iluminación.

Polo dito, coidamos que o espectáculo pode ser representado en calquer local, aínda que iste careza de esceario, e por suposto o aire libre.

**Para contactos:**

**TEATRO ANTROIDO**

**Santiago de Chile, núm. 5 - 8.º A.**

**Teléf.: 596377 (De 10 a 14 e de 16 a 20 horas)**

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**